



**MANIFESTO**  
**DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO, 13 maio 2017**  
***“Somos rebeldes con causa. Somos Comercio Xusto, e ti?”***

Hoxe, coma cada segundo sábado de maio, unímonos ás miles de persoas que en máis de 50 países celebran o Día Mundial do Comercio Xusto.

Hoxe volvemos celebrar que o movemento do Comercio Xusto aquí en España e no ámbito internacional segue dando pasos, pequenos pero firmes, na loita por conseguir un mundo mellor para todas e todos, con independencia do noso lugar de orixe. Un mundo no que, fronte ás fronteiras e aos intereses económicos, os dereitos humanos e o coidado do medio son prioridades indiscutibles. Hoxe, no movemento do Comercio Xusto vestímonos de festa para celebrar que, co noso compromiso, día a día facemos posible un mundo no que as persoas, as súas comunidades e o medio ambiente estean no centro da vida. Un mundo, en definitiva, mellor e máis sustentable para os que o habitamos e as xeracións vindeiras.

Si, é un día para celebrar que outro mundo é posible. Pero tamén un día para denunciar. Denunciamos un sistema económico que non fai máis que aumentar e perpetuar a inxustiza e a desigualdade global. Un sistema onde un 1% da poboación mundial posúe máis da metade da riqueza global, mentres que o 80% da poboación apenas acada o 6%. Un sistema no que as mulleres, xeradoras do 80% da produción de alimento, apenas posúen o 30% da terra. Un sistema que mantén escravizadas a 21 millóns de persoas, 9 deles nenos e nenas, en sectores como a agricultura e o téxtil. Un sistema onde, para 275 millóns de traballadores e traballadoras, ter un emprego xa non significa poder ter unha vida digna.

Hoxe queremos celebrar que é posible cambiar esta economía inxusta, esta economía da acumulación e de exclusión por outra de inclusión, de distribución, de dereitos e coidados, de xustiza e igualdade. Por todo isto, aproveitamos a celebración do noso Día Mundial para declararnos rebeldes, rebeldes con causa.

**BENVIDOS E BENVIDAS REBELDES CON CAUSA!**  
**BENVIDOS E BENVIDAS AO MOVEMENTO DO COMERCIO**  
**XUSTO!**